



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



**Descrición Decreto: REQUERIMENTO A ALGUNHAS ENTIDADES DA XUSTIFICACION
SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE CARACTER EDUCATIVO ANO 2025
EXP:2025/A002/000007**

**DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA (A
CORUÑA)**

Visto que por decreto nº 1018/2025 de data 23/12/2025 aprobouse o pago do anticipo das subvencións para actividades de carácter educativo ano 2025, concedidas polo importe total das mesmas, retendo o 20% en concepto de garantía da debida xustificación da aplicación dos fondos recibidos, de acordo co seguinte:

Entidade	CIF	Importe concedido	Garantía (importe retido)	Contía líquida a ingresar
ANPA NOSA SEÑORA DO ROSARIO	G15371388	2.830,00 €	566,00 €	2.264,00 €
ANPA O FORMENTO	G15259286	2.603,60 €	520,72 €	2.082,88 €
IES DE ARZÚA	Q1500348F	5.660,00 €	1.132,00 €	4.528,00 €
EFA PIÑEIRAL	G15058977	3.282,80 €	656,56 €	2.626,24 €
GRANDE OBRA DE ATOCHA	R1500051F	3.622,40 €	724,48 €	2.897,92 €
TOTAL:		17.998,80 €	3.599,76 €	14.399,04 €

Visto o informe emitido polo animador cultural con data 23/01/2026, no cal se indica:

PRIMEIRO. Examinada a documentación xustificativa presentada por parte das entidades beneficiarias, queda comprobada a aportación do seguinte:

Nº de expediente	Entidade	Anexo 6	Anexo 7	Memoria	Publicidade	Facturas/ Xustificantes de gasto
2025/A003/000006	ANPA NOSA SEÑORA DO ROSARIO	SI	SI	SI	SI	SI
2025/A003/000014	ANPA O FORMENTO	Non presenta documentación xustificativa				



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



2025/A003/000026	IES DE ARZÚA	SI	SI	SI	SI	NON
2025/A003/000030	EFA PIÑEIRAL	SI	SI	NON	NON	SI
2025/A003/000034	GRANDE OBRA DE ATOCHA	SI	SI	SI	SI	SI

SEGUNDO. Neste informe faise constar a documentación que aporta cada entidade. No que respecta aos anexos 6 e 7, á memoria é á acreditación da publicidade infórmase, que despois da súa revisión, a documentación é correcta, agás que se indique o contrario cun “NON” na táboa anterior.

No que respecta ás facturas, nóminas ou outros documentos de valor probatorio, así como aos correspondentes xustificantes de pagamento só se indica a aportación dos mesmos sen entrar a valorar se a documentación é correcta ou non. Procédese polo tanto a incorporar este informe ao expediente 2025/A002/000007 para que o departamento municipal que corresponda proceda ao control e fiscalización da documentación de carácter contable e económico entregada.

En virtude do artigo 21. 1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Regimen Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar un prazo de 10 días hábiles as seguintes entidades para que presenten a documentación que lles falta, a cal aparece indicada no informe emitido polo técnico de cultura que figura transcrito neste decreto.

- EFA PIÑEIRAL
- IES DE ARZUA
- ANPA O FORMENTO

SEGUNDO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios do concello.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

OAlcalde - Presidente	Dou fe,o secretario
-----------------------	---------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



Asdo.- XOAN XESUS CARRIL RAMOS

Asdo.- ALFONSO M. ALCALA PEREZ